

La robotización a su servicio



Robot de ordeño **Lely Astronaut A5**

28 años de experiencia, conexión rápida, capacidad inigualable, software simple e intuitivo

Robot de alimentación **Lely Vector**

Sencillez de instalación, flexibilidad de trabajo, recuperación de forrajes, ahorro de combustible

Para obtener más información sobre las innovaciones de Lely y beneficiarse del apoyo personalizado en tus proyectos, contáctenos en el +34 (0) 667949398

www.lely.com



O tráfico libre, aspecto clave para Lely



Mario Somada, socio de Villa Villera, e Unai Etxaiz, delegado de vendas de Lely no País Vasco, Navarra e Cataluña



EN VÍDEO!

Villa Villera: queixería propia, interese na xenética e plena confianza en Lely

Mario Somada, xunto co seu irmán, José, son os donos da gandería familiar Villa Villera, situada na provincia de Huesca. Hai catro anos adquiriron un Lely Astronaut A5 e, grazas aos resultados obtidos, están pensando en instalar unha segunda unidade.

En Sieso de Huesca sitúase Villa Villera, a explotación xestionada por Mario e José Somada. Actualmente posúen dous robots de muxido, un dos cales é un Lely Astronaut A5. Nesta granxa familiar contan con ao redor de 130 vacas en muxido, entre 10 e 15 secas e sobre 90 animais de recría. O número de cabezas aproximado é de 240. A día de hoxe, están preto de tres muxidos diarios por animal, cunha media de produción de 28-30 litros por vaca e día. “Estamos moi altos en calidades. Desde outubro estivemos a 4,6-4,7 % de graxa e por riba de 4 % de proteína”, explica Mario.

En canto ao número de empregados, mantivéronse tal e como estaban dende a instalación dos robots; porén, o manexo é moito mellor agora: “Se non tivésemos o robot, teríamos que ter contratado máis traballadores. Deste xeito, as horas que facemos son similares, pero moito máis cómodas, e as vacas están mellor”.

VANTAXES DA ROBOTIZACIÓN CON LELY

Os irmáns Somada posúen dous robots de muxido. Son varios os beneficios que percibiron dende a súa instalación na explotación e, máis concretamente, dende que optaron hai catro anos polo Lely Astronaut A5. Logo da boa experiencia con Lely, están pensando en instalar outra unidade do A5 para substituír o primeiro exemplar que adquiriron no seu momento e así unificar.

“Nunha granxa pequena, facer máis de dous muxidos é moi complicado.

A gran vantaxe do manexo con robot é que agora as vacas están practicamente a tres muxidos, cun traballo parecido ou menor”, indican.

O benestar animal está sendo clave en Villa Villera co uso de robots. A tranquilidade das vacas é evidente, xa que poden facer o que queiran. “Están moi ben de inmunidade, así que, dende hai anos, nin sequera usamos o selador despois do muxido. As células somáticas están tamén baixísimas”, comentan.



Nesta gandería están pensando en adquirir unha segunda unidade do A5

En canto ao A5, aseveran que se decantaron por este fronte ao outro robot que xa tiñan e a outras posibles alternativas, porque é tremendamente robusto e ás vacas gústalles moito: entran e saen facilmente. Ademais, en Villa Villera sempre optaron polo tráfico libre, aspecto clave para Lely, e esta máquina está deseñada precisamente para iso. Dende a explotación fálannos da súa experiencia: “Tivemos durante anos unha sala de espera, pero agora non a usamos. Ao mellor tes que levar cada día un par de vacas ou porque están moi pasadas de días de leite ou porque sempre hai algunha á que lle gusta menos, pero compensa”.

Unai Etxaiz, delegado de vendas de Lely no País Vasco, Navarra e Cataluña, destaca do A5 o seu brazo de muxido: “A vaca entra e sae en recto e é moi sinxelo e cómodo á hora de muxir”.

Outro dos aspectos salientables que sinala deste robot é a súa fiabilidade e que, respecto ao muxido, “é o que mellor se adecúa ás granxas, porque non require de man de obra do gandeiro”. Ademais, non realiza muxidos incompletos.

USO DE CUBÍCULOS E DE CAMA FRÍA

En Villa Villera teñen dous lotes de muxido. O primeiro deles é de cubículos e con cama de palla. En cambio, para o segundo, optaron por cama fría, con serraduras. “A diferenza é moi grande: en cubículos as vacas novas están ben, pero vacas moi grandes ou con bastantes partos están moito máis cómodas da outra forma. É máis sinxelo para elas deitarse e levantarse, ademais de ser máis natural”.

Con respecto ao manexo da cama fría, usan dúas veces ao día un apeiro de labranza para osixenar, descompactar e mesturar así todo. A humidade contrólana coas serraduras, principalmente no inverno. Nas épocas máis cálidas do ano, primavera e verán, botan menos.

A QUEIXERÍA DE VILLA VILLERA

Hai trinta anos, comezaron un negocio co que continúan a día de hoxe e a través do cal todo o leite que producen o aproveitan para elaborar despois queixos frescos, iogures, sobremesas lácteas etc. Os seus produtos repártese pola provincia de Aragón e mantén o mesmo nome que a gandería.

“Como traballamos con produto fresco, nós elaboramos o que imos vender”, declaran. Tras instalar o segundo robot, producen máis cantidade de leite, entón venden a que lles sobra. Cabe resaltar que antes de dispoñer do A5, cada semana tiñan que mercar varios litros de leite para poder pechar a produción.

A XENÉTICA DAS VACAS, NA GRANXA

Nos seus inicios, Villa Villera era unha explotación de frisonas. Hai dez anos, empezaron a cruzar exemplares para mellorar a calidade do leite, con resultados moi óptimos: agora teñen un produto moi estable durante todo o ano. Na actualidade, están implementando de novo algúns cambios sobre a xenética das vacas na granxa.

Dende a gandería resaltan que a xenética dos animais non inflúe no uso do robot: “É indiferente, o que hai son variacións individuais”. Así, explican que é necesario ter en conta os trazos individuais e selecciónalos correctamente en relación co uso dos A5; por exemplo, buscar exemplares que teñan unha velocidade de muxido alta. “Hai máis variación individual dun animal a outro que dunha raza a outra; por tanto, iso si é importante telo en conta á hora de seleccionar a xenética”, expón Mario Somada.

A maiores, Unai Etxaiz explica que para algunhas razas concretas Lely ofrece un box adaptado a estas. Porén, para Villa Villera non foi necesaria a implementación deste box: “Nesta granxa non houbo ningún problema de adapta-



Contan con queixería propia dende hai 30 anos

ción das vacas ao robot por cuestións de tamaño”, afirma o técnico.

PENSANDO NO FUTURO

Outra das opcións que valoran é automatizar a alimentación co Lely Vector, para que así a ración estea sempre fresca no presebe e facilitar o traballo dos operarios. “En Villa Villera sempre foron moi proactivos con respecto á automatización das tarefas”, comenta Etxaiz.

As vantaxes deste robot son moi claras. Ademais de asegurar unha alimentación en presebe sempre fresca, poderían saber con claridade os seus custos, as ganancias e as conversións ao día por vaca e por rabaño. Ademais, Unai Etxaiz apunta que o número de vacas coas que se traballe é indiferente para o Lely Vector: “Nós imos preparar a ración para as vacas, independentemente das que teñamos”. O operario regula a altura mínima que quere de alimento no presebe e, conforme baixe de nivel, o robot encargárase de repoñelo automaticamente; por tanto, o que varía en canto a número de animais só é a frecuencia coa que Lely Vector repoñerá ese alimento.

“Estamos moi satisfeitos. Sen robot, unha granxa deste tamaño é difícil de xestionar hoxe por hoxe”, confesan. Dende a explotación, conclúen que de cara ao futuro os seus plans a curto prazo son mellorar, non tanto medrar. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Ávila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

